

servizos públicos e sociais para convertelos en negocio, especular co propio Estado, cos seus préstamos, coa compra de débeda pública, non repartir os beneficios senón as perdas, xerar más economía mergullada, roubar, explotar, estafar e enganar máis e máis aos traballadores e traballadoras.

Neste tempo de crise, a banca e a patronal co apoio do goberno, aproveitaron para coller os cartos públicos, de tod@s, sen que ningún lle poña ningún impedimento. Os desvergoñados responsables da crise estafáronnos hasta 100 mil millóns de euros en axudas para a banca, están reducendo as cotizacións das empresas á Seguridade Social, aproban EREs e despiden con total impunitude, planean novas reformas laborais para reducir os gastos salariais, garantir o despido libre y gratuito, aumentar a idade de xubilación, reducir as pensións, aumentar a xornada laboral, realizar máis horas extras, rexuvenciar os cadros de persoal, eliminar a negociación colectiva. En resumen, recortar dereitos e liberdades laborais, sindicais e sociais e reprimir brutalmente a quen se move.

3. COMO SE ESTÁ RESOLVENDO A CRISE PARA OS TRABALLADORES?

Os traballadores estamos pagando a maior agresión capaz de acometer o capitalismo neoliberal negándoseos a millóns de persoas o mínimo para poder vivir. Estamos sendo explotados e despoxados de dereitos hasta rozar a pobreza, a plena precariedade, a fame. Concédense prestacións sociais por caridade. As axudas, salarios sociais e pensións son de miseria, rozamos os 5 millóns de parad@s reais, existen 1,5 millóns de familias sen axuda, producíronse 200.000 embargos, desafiuazamentos, infelicidade, sufrimento, mendicidade, violencia, represión.

**FRONTE AO CAPITALISMO E A SUA CRISE,
CGT ESIXE UNHA SOCIEDADE BASEADA
NA LIBERDADE, A XUSTIZA, A IGUALDADE
E A AUTOXESTION**

